



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

PROPOSTA DE TRANSFORMACIÓN DOS COMEDORES ESCOLARES

Introdución.-

Antes de explicar o modelo de comedores escolares construído pola Confederación ANPAS GALEGAS, e que ten por obxecto acadar unha transformación completa do modelo de comedores escolares vixente na Galiza, pensamos que convén facer un breve apuntamento da historia recente dos comedores escolares no noso país que, ao noso xuízo, axudará a entender a actual situación dos mesmos e a necesidade de introducir neles unha profunda transformación.

A primeira regulación galega dos comedores escolares estableceuse mediante o **Decreto 16/1984 do 9 de febreiro**, norma que foi modificada polos Decretos 283/1986 do 25 de xuño e 443/1990 do 13 de setembro. Este marco xurídico, aínda que nunha moi breve “exposición de motivos”, recoñece que os comedores escolares teñen un carácter complementario da educación. O texto falado “**matiz**” educativo que conleva o seu funcionamento.

Unha simple lectura da norma deixa claro que a creación deste servizo está directamente relacionada cos centros educativos do rural, concretamente nos que NON existía transporte de mediodía para a totalidade do alumnado transportado. É dicir os comedores escolares creáronse para tentar dar resposta a certa desvantaxe social e económica que sufrían moitas familias como con secuencia da situación de illamento que provoca a dispersión poboacional que caracteriza ao rural galego. Por iso os comedores escolares establecéronse, exclusivamente, nos centros educativos con transporte escolar e, maioritariamente, na zona rural galega.

O modelo de xestión do servizo era único, o que hoxe se coñece como “xestión directa”. Todos os comedores escolares dependían da Consellería de Educación, que os xestionaba mediante o propio centro, todos dispoñían de cociña propia e o servizo era completamente gratuíto para todo o alumnado transportado. Parécenos importante destacar que o único persoal profesional para a atención do servizo era o persoal de cociña, o resto do persoal eran docentes voluntarias/os e nais e pais tamén voluntarias/os, traballadores aos que se lles denominou “colaboradoras/es”.

Os profundos cambios sociais acontecidos nos últimos anos, nomeadamente no mercado laboral, e a crecente necesidade das familias de conciliar a vida familiar e laboral, provocou que nos



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

núcleos poboacionais urbanos, e ante a inacción da administración educativa, as familias decidiran implantar este servizo nos colexios das cidades, obrigándose con elo a asumir a xestión do servizo. A primeira consecuencia desta decisión foi que as familias empregaron ás ANPAS como instrumento de xestión e organización dos servizos. Así, as ANPAS convertéronse nas verdadeiras responsables dun servizo educativo nos centros públicos das cidades.

O progresivo aumento destes comedores escolares revelou que a regulación existente era absolutamente inoperante. Logo, a falta dunha normativa axeitada para a nova situación, fixo que o Goberno Galego derrogara a normativa vixente e aprobara o **Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro**. Ao noso entender esta norma representou un certo avance ao respecto da regulación anterior, xa que dotaba dun marco xurídico aos novos comedores escolares; daba un paso adiante no recoñecemento do carácter educativo que debe envolver ao servizo ao definilo como un “servizo educativo de carácter complementario, compensatorio e social” e, ao mesmo tempo, consideraba aos comedores como un servizo especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

2

Porén, a norma contiña algúns dos aspectos máis negativos da regulación anterior pois, por exemplo, mantiña a figura das colaboradoras/es como traballadoras/es do servizo en detrimento da súa profesionalización.

Ademais, aínda que a norma establecía a xestión directa do servizo con carácter prioritario, abriu as portas á privatización da xestión dos comedores escolares, xa que regulou o que deu en chamar a “xestión indirecta”. Este Decreto, aínda que de xeito excepcional, regulou por primeira vez a posibilidade de que a administración educativa colaborara na xestión e organización dos comedores escolares con outras institucións, tanto públicas como privadas, ou con entidades ou colectivos como as ANPAS e as súas federacións. Nós entendemos que é a partir desta regulación cando o servizo realmente comeza a ser privatizado e cando verdadeiramente adquire unha nova dimensión, a de “NEGOCIO”.

As voces críticas co modelo que se ía consolidando, a esixencia cada vez maior do estrito cumprimento daqueles aspectos considerados máis positivos da norma, tanto no que respecta á excepcionalidade da xestión indirecta, como no cumprimento dos controis públicos para a



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

contratación das empresas que prestaban o servizo, ou a esixencia xeneralizada de que a Consellería asumira a xestión da totalidade dos comedores escolares foron, ao noso entender, as causas fundamentais que decidiron ao Goberno Galego, novamente, a mudar a regulación dos comedores escolares, así chegamos ao vixente **Decreto 132/2013 do 1 de agosto**.

Esta nova regulación, lonxe de resolver os múltiples problemas xurdidos nos comedores escolares, afonda aínda mais nas causas que os provocan.

Ao noso entender iso é así, entre outras moitas razóns, porque a regulación actual permite unha ampla variedade de sistemas de xestión o que afonda nas diferenzas entre centros e, polo tanto, entre o alumnado; porque reduce escandalosamente os controis administrativos na contratación do servizo favorecendo a aparición de “corruptelas”; porque potencia o carácter de negocio fronte ao de servizo educativo; porque non é un servizo organizado para a totalidade do alumnado do centro; porque mantén a figura das colaboradoras/es como persoal para a atención do alumnado e porque, en vez de camiñar cara a gratuidade do servizo, aumenta os “re - pagamentos”. Estas razóns, entre outras moitas, reafirman o carácter “utilitarista” do servizo en detrimento do carácter educativo que, nós pensamos, debe prevalecer.

Polo tanto na Confederación ANPAS GALEGAS entendemos que o actual modelo de comedores escolares non cumpre coas expectativas nin responde ás necesidades da comunidade educativa. A heteroxeneidade nos modelos de xestión que promove o negocio, a visión utilitarista e non educativa do servizo que se promove dende a lexislación actual e o desapego que a propia Administración Educativa amosa polo servizo, convértense na principal causa dos múltiples problemas que están a xurdir nos comedores escolares dos centros públicos galegos.

Proposta.-

Conscientes da necesidade dunha profunda transformación do modelo de comedores escolares, elaboramos unha proposta que, ao noso entender, cumpre coas demandas da comunidade educativa. Esa proposta materialízase na redacción do que podería ser un novo Decreto de Comedores Escolares.

Tentaremos resumir o modelo proposto dividíndoo en cinco apartados:



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

- 1.- OBXECTO DO SERVIZO;
- 2.- CENTROS QUE DISPORÁN DO SERVIZO;
- 3.- MODELO DE XESTIÓN, USUARIAS/OS, TRABALLADORAS/ES E RESPONSABLES DO SERVIZO;
- 4.- ORGANIZACIÓN, ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA E
- 5.- ELABORACIÓN DOS MENÚS E CALIDADE DO SERVIZO.

- **OBXECTO DO SERVIZO.**

O modelo de comedor escolar proposto pola CONFEDERACIÓN ANPAS GALEGAS basease na consideración deste como un verdadeiro **SERVIZO EDUCATIVO COMPLEMENTARIO**, cuxa finalidade é a formación do alumnado na adquisición de hábitos alimentarios saudables, mediante o coñecemento da importancia que ten unha alimentación saudable e equilibrada no correcto desenvolvemento da persoa.

Ademais dese obxectivo, non podemos esquecer que os comedores escolares están a cumprir con outras funcións que, aínda que non as consideramos funcións propias do servizo, é evidente que resultan de gran importancia, tanto para as familias como para o propio sistema educativo. Así o comedor escolar convertese nun verdadeiro **mecanismo de compensación social** permitindo equilibrar as desigualdades que, por razóns alleas ao sistema educativo, aínda padecen moitas alumnas/os do noso país.

O comedor escolar tamén está a posibilitar a **conciliación da vida familiar e laboral** de moitas familias con fillas/os en idade escolar que, por mor da evolución social e pola falta dunha lexislación laboral axeitada (opinamos que é nese espazo laboral onde realmente se debe regular a conciliación da vida laboral e familiar) vense obrigadas á utilización deste servizo educativo

Tendo en conta o dito, o comedor escolar constituirase como un **verdadero servizo público** directamente xestionado pola Administración educativa, dirixido ao **alumnado do ensino**



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

obligatorio e, polo tanto, **sen custo para as usuarias/os** e cuxo horario debe cubrir os **tempos anteriores e posteriores tanto ao almorzo como ao xantar**.

- **CENTROS QUE DISPORÁN DO SERVIZO.**

O modelo proposto por ANPAS GALEGAS establece o **dereito á creación dun comedor escolar en cada centro educativo que o solicite** e que imparta ensino obrigatorio e educación infantil. O servizo de comedor escolar formará parte da oferta educativa do propio centro e deberá incluírse no Plan Xeral Anual do mesmo.

Para garantir ese dereito, a Consellería de educación **estará obrigada** a realizar, no prazo máximo dun curso escolar dende a solicitude, todas as actuacións necesarias (tanto físicas no centro, como administrativas e de contratación de persoal) para o establecemento do comedor no centro solicitante. Así mesmo, no propio modelo establécese un **prazo máximo de CATRO anos** dende a entrada en vigor da norma proposta para que a Administración educativa **asuma a xestión de todos os comedores escolares** e para que **todos**, incluídos os xa existentes, sexan xestionados segundo o establecido no modelo proposto.

- **MODELO DE XESTIÓN, USUARIAS/OS, TRABALLADORAS/ES E RESPONSABLES DO SERVIZO.**

Todos os comedores escolares establecidos nos centros públicos galegos rexeranse pola modalidade coñecida como “**XESTIÓN DIRECTA**” isto é, **todos os comedores escolares disporán de cociña propia e persoal fixo contratado pola administración educativa, tanto para a elaboración dos menús como para a atención do alumnado e a xestión do servizo**. No entanto, e se nun centro educativo existen razóns obxectivas de índole formal (e non económicas) que impiden a creación dunha cociña, **de xeito excepcional** e coa motivación abonda, poderase establecer un comedor escolar sen cociña que será vinculado, exclusivamente **aos efectos de comedor**, ao centro educativo mais próximo que dispoña das instalacións necesarias. Neste suposto excepcional, os menús elaborados no comedor con cociña serán transportados por unha empresa especializada ao centro ou centros vinculados. Esta empresa especializada no transporte de menús, será directamente contratada pola Consellería de educación.



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

Por ser un servizo educativo destinado ao alumnado do ensino obrigatorio e da educación infantil, terán a consideración de usuarias/os do comedor a totalidade do alumnado destes niveis educativos que estea matriculado no centro, e terán dereito á súa utilización de xeito GRATUITO. Poderán utilizar o servizo, tamén de balde pero sen ter a consideración de usuarias/os, o persoal con responsabilidade na administración e organización do servizo, o persoal de cociña, o persoal educador e o persoal coidador e de enfermería, todas/os eles necesarios para a atención do alumnado e para o correcto funcionamento do servizo, utilización que estará condicionada ao desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

Ademais, e sen ter esa consideración de usuarias/os do comedor, poderán aproveitar o servizo, respectando o carácter educativo do mesmo e, polo tanto, sen que dito aproveitamento interfira no normal desenvolvemento do servizo, alumnas/os do bacharelato e dos ciclos de formación profesional post-obrigatoria matriculadas/os no centro, e todo o persoal funcionario e laboral, fixo interino ou en practicas, que preste os seus servizos no centro. A autorización, os espazos, os procedementos e as normas para a utilización do servizo serán establecidas polo Consello Escolar do centro educativo. O prezo que aboarán estas persoas pola utilización do servizo o establecerá a Consellería con competencias en materia educativa e o importe será directamente ingresado polas usuarias/os, na conta bancaria do centro destinada ao comedor escolar e dedicarse integramente ao financiamento dese servizo.

Todos os centros educativos contarán coas **educadoras/es, coidadoras/es e persoal de enfermería** necesario para a atención ao alumnado usuario do comedor escolar. Estas traballadoras/es **serán persoal laboral fixo contratado pola administración educativa e con destino no centro**. Ademais deste persoal, **todos os comedores escolares con cociña contarán cunha/unoficial de 1ª de cociña** e coas oficiais de 2º de cociña e/ou coas axudantes de cociña necesarias/os. Estas profesionais, ao igual que as demais traballadoras/es do comedor, serán persoal laboral fixo contratado pola administración educativa e con destino no centro.

A responsabilidade da administración, xestión e funcionamento do Comedor escolar recae sobre órganos unipersoais e órganos colexiados do propio centro educativo.



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

O órgano unipersonal **responsable do comedor escolar**, ao igual que dos demais servizos educativos ofertados, é **a directora/or do centro**. Non obstante e como apoio no exercicio desta función, todos os comedores escolares deberán contar cunha **profesional especializada/o** que realizará as funcións de **“encargada/o de comedor”**, profesional que tamén será persoal fixo do centro educativo (funcionario ou laboral) e que será quen, directamente e baixo a supervisión da directora/or, **exercherà a xestión do servizo**.

O órgano colexiado **responsable do comedor escolar**, como órgano de participación da comunidade educativa, é o **Consello escolar do centro**. As súas funcións neste ámbito serán as de **debater e aprobar toda a documentación, programas e decisións que se adopten ao respecto do comedor escolar** e, consecuentemente, fiscalizar o efectivo cumprimento das mesmas. No seo deste Consello escolar, deberase constituír unha **“comisión de comedor escolar”** coa finalidade de garantir o correcto funcionamento do servizo.

7

- **ORGANIZACIÓN, ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA DO SERVIZO.**

Xa se dixo que o Consello escolar do centro, como órgano de participación da comunidade educativa, será quen supervise o normal funcionamento e aprobe as normas de organización e administración do comedor. Estas normas, basicamente, serán:

O **“Protocolo de funcionamento”**, que será aprobado polo Consello escolar xunto coa solicitude para o establecemento do servizo no centro educativo. Nel constarán, cando menos, as normas básicas de funcionamento do comedor, o espazo do centro educativo que se habilitará para a prestación do servizo, o número de usuarias/os previsto e os medios humanos, materias e técnicos necesarios para o correcto funcionamento.

O **“Programa educativo e de prestación de servizo”**, que será aprobado anualmente polo Consello Escolar a proposta do equipo directivo do centro, este documento recollerá a programación educativa prevista para o comedor escolar que deberá desenvolverse no curso escolar para a que foi aprobada. Unha vez aprobado o documento será incluído no Plan Xeral Anual do Centro.

Como queda dito a encargada/o do comedor escolar, baixo a directa supervisión da directora/or do centro e co control do Consello escolar, é a persoa directamente responsable da

administración e xestión do servizo. Tamén se dixo que, por ser este un servizo educativo destinado ao alumnado do ensino obrigatorio e educación infantil, deberá ser gratuito para as usuarias/os, polo que o financiamento integro do mesmo correspóndelle á Consellería de educación. Non obstante, o modelo permite que podan colaborar nese financiamento outras administracións públicas (administración central, concellos ou deputacións).

A administración educativa competente en materia educativa deberá realizar as achegas destinadas a cubrir o funcionamento do servizo, sempre, antes do inicio do gasto que se pretenden financiar. Isto co obxecto de que o servizo teña a liquidez necesaria para garantir a calidade. O centro educativo disporá dunha conta específica para rexistrar a actividade económica do servizo e, a totalidade dos ingresos percibidos polo centro en concepto de comedor escolar, deberán ser integramente dedicados ao comedor.

• **ELABORACIÓN DOS MENÚS E CALIDADE DO SERVIZO.**

Os menús dos comedores escolares deberán proporcionar unha dieta equilibrada e adaptada ás necesidades nutricionais de todo o alumnado, tendo en conta os distintos grupos de idade e as súas características. Ademais contribuirán a un mellor desenvolvemento físico do alumnado e favorecerán a adquisición de hábitos alimentarios saudables.

Para garantir o cumprimento deses obxectivos en todos os comedores escolares galegos, a administración educativa estará obrigada a **contratar un equipo de especialistas en nutrición e dietética** que se encargará de preparar **guías ou protocolos para a elaboración dos menús escolares**. Estas guías ou protocolos estarán á disposición de todos os centros educativos e contarán cun número de menús, tanto de almozos como de xantares que garantan a variación aconsellable para unha dieta equilibrada.

Co obxectivo de **garantir que no servizo se utilicen produtos frescos, de proximidade e de tempada e que os menús se adapten ás necesidades do alumnado**, o equipo de especialistas deberá ter en conta para a elaboración das guías ou protocolos: **a comarca onde se sitúa o centro educativo**, a **tempada para a que se elabora a guía** e a **idade do alumnado ao que vai dirixida**. Polo tanto, este equipo de especialistas elaborará o número de guías ou protocolos que sexa necesario para atender á diversidade comarcal galega.



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

A calidade do servizo de comedor escolar deberá ser unha prioridade, tanto para o centro educativo que oferta o servizo, como para a administración educativa, responsable última de todos os servizos educativos.

Para garantir dita calidade, os comedores escolares estarán sometidos aos controis de calidade e de seguridade e hixiene esixidos pola normativa vixente ao respecto da produción e comercialización dos produtos alimenticios e na elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas. Así mesmo os comedores escolares deberán someterse aos sistemas de control externo e aos programas de autocontrol establecidos nos correspondentes procesos de homologación.

Conclusiones.-

Xa para finalizar, de todo o exposto poderíase concluír que o actual modelo galego de comedores escolares non cumpre coas necesidades nin coas expectativas da comunidade educativa galega, por iso a **Confederación ANPAS GALEGAS**, dando resposta a unha constante demanda das familias, logo dun amplo debate, elaborou unha proposta para a transformación dos comedores escolares. Nese novo modelo os comedores escolares deben ser **verdadeiros servizos educativos** públicos que poderán ser ofertados en **todos** os centros educativos públicos galegos que impartan **ensino obrigatorio** e **educación infantil**.

O único modelo de xestión para eses comedores será a "**xestión directa**" pola Consellería de educación, todos contarán con **cociña propia** e todo o persoal, tanto de xestión, como de cociña, como de atención ao alumnado, serán **profesionais** que contarán con destino fixo no propio centro. O servizo estará destinado **a todo o alumnado** de ensino obrigatorio e educación infantil matriculado no centro e, por suposto, como servizo educativo que é, **será gratuíto** para ese alumnado. Consecuentemente o financiamento será por conta da Consellería de educación e so poderán colaborar nese financiamento outras administracións públicas (administración central, deputacións ou concellos).

Os menús deberán ser elaborados seguindo guías ou protocolos aportados por expertos nutricionistas contratados pola Consellería de educación. Esas guías ou protocolos deberán garantir



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

que nos comedores escolares galegos se utilicen **produtos frescos**, de **proximidade** e **de tempada** para acadar os obxectivos de calidade demandados.

Finalmente pódese dicir que a participación das familias no comedor escolar queda garantido mediante o papel fundamental que o Consello escolar do centro desempeña na súa organización e control.